



CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX 2023

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



REGULAMENTO PARTICULAR

27,28 e 29 de outubro de 2023





INDICE

TITULO I: PROGRAMA HORARIO

TITULO II: ORGANIZACION

Art. 1 Organización

TITULO III ...: MODALIDADES XERAIS

Art. 2 Puntuabilidade

Art. 3 Descrición

Art. 4 Vehículos Admitidos

Art. 5 Concursantes Admitidos

Art. 6 Solicitud de Inscripción - Inscripciones

Art. 7 Dereito de Inscripción - Seguros

TITULO IV...: OBLIGACIONES XERALES

Art. 8 Publicidade

TITULO V.....: DESEÑO DA PROBA

Art. 9 Recoñecemento

Art. 10 Hora Oficial do Rallye

Art. 10 Penalizacións

Art. 11 Premios

PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

ANEXO I.....: LICENCIAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2023 (ANUARIO F.G.A.)

ANEXO II: CONTROL DE TEMPOS

ANEXO III ...: FOLLA DE RUTA (ROAD BOOK) STANDAR

ANEXO IV ...: TERMINOLOXIA

ANEXO V ...: ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

ANEXO VI ...: ORGANIZACIÓN XERAL DA SEGURIDADE

ANEXO VII ...: ITINERARIO - HORARIO

ANEXO VIII...: PARQUE PECHADO, DE TRABALLO, E FINAL DE ASISTENCIA, SERÁ O MAIS PERTO DA SAIDA DO RALLYMIX

ANEXO IX...: CARNET DE RUTA



1.- PROGRAMA.

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
24/09/2023	10:00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego).	ESCUADERIA BARBADAS
24/09/2023	10:00	Apertura de inscricións (resto de pilotos).	Tfno: 687 895 183
23/10/2023	20:00	Peche de inscricións	marabucompeticion@gmail.com
24/10/2023	18:00	Publicación lista de inscritos	
27/10/2023	16:00	Apertura parque de asistencia	BARBADÁS
27/10/2023	22,00	Peche parque de asistencia	BARBADÁS
Sábado 28/10/23	08,00	Apertura parque pechado/parque de traballo	BARBADÁS
	De 08:00 a 10:00	Verificacións Administrativas: Mesa A: Carcross Mesa B: Atmosféricos Mesa C: Turbos	OBLIGATORIAS PARA OS RECOÑECIMENTOS
	De 08:00 a 10:30	Verificacións Técnicas: As verificacións faranse nas propias asistencias, polo que tódolos vehículos participantes deberán estar disponibles a partir da hora de comenzo das mesmas.	PARQUE DE TRABALLO (BARBADÁS)
	De 08:00 a 10:00	Os recoñecementos libres quedan limitados a tres pasadas polo treito en no horario taxado para tódolos equipos. Só se autorizará o sábado pola mañá, de 8 a.m. a 10 a.m. e terase que facer a velocidade moderada, non pasando de 60km. por hora en todo o treito, en vehículos de calle.	OBLIGATORIO PASAR ANTES AS ADMINISTRATIVAS
	11:00	Breafing (obligatorio para tódolos participantes)	CONCELLO DE BARBADÁS
	11:15	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída	
	11:45	Saída 1º participante hacia presaida	BARBADÁS
	12:00	Saída 1º participante (1ª pasada)	TREITO
	13:45	Saída 1º participante hacia presaida	BARBADÁS
	14:00	Saída 1º participante (2ª pasada)	TREITO
	15:45	Saída 1º participante hacia presaida	BARBADÁS
	16:00	Saída 1º participante (3ª pasada)	TREITO
	21:30	Hora límite entrada Parque Pechado	PARQUE DE TRABALLO
Domingo 29/10/23	07:30	Apertura Parque Pechado	PARQUE DE TRABALLO
	09:15	Saída 1º participante hacia presaida	BARBADÁS
	09:30	Saída 1º participante (4ª pasada)	TREITO
	11:15	Saída 1º participante hacia presaida	BARBADÁS
	11:30	Saída 1º participante (5ª pasada)	TREITO
	13:00	Publicación de resultados	CONCELLO DE BARBADÁS
	14:00	Entrega de premios e trofeos	CONCELLO DE BARBADÁS
		Rolda de prensa dos vencedores de cada Agrupación (6)	Polideportivo Valenzá

Os horarios poderán variar en función do número de participantes



Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados ou individuais): Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos, sen ter que esperar ás entregas de premios..

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Dende o día (Martes) 24 de Outubro de 2023 as 08,00 horas, ata o día (Domingo) 29 de Outubro de 2023 as 15,00 horas o tableiro oficial será virtual a través da APP Sportity, dende o que se farán os comunicados, complementos e demais avisos a equipos e pilotos. A código de acceso ao mesmo será comunicado a os equipos no momento de facer a inscrición.

2.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 1.- Organización.

Artigo 1.1.- Definición:

A ESCUDERÍA BARBADÁS CLUBE DEPORTIVO organiza o 9º RALLYMIX DE BARBADÁS “Memorial Gonzalo Belay”, que se desenrolará desde o día 27 de OUTUBRO ó día 29 de OUTUBRO do ano 2023.

Este RallyMix disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2023 as prescricións comúns para rallyes, montaña, autocross, slalom, todoterreo, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, as condicións de organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 30/08/2023. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-043-RX.

Artigo 1.2.- Comité de Organización:

Presidente:

D. Juan Carlos Villanueva Fernández

Vocais:

D. José Manuel Barreiros Ferreiro

Dª. Olaya Villanueva Fernández

D. Juan Ricardo Costoya Gomez

D. Francisco Da Costa Forneiro

D. Rubén Randolfe Dacosta

D. Julio López Domínguez

D. Miguel Cid Gil

Relacions públicas:

Dª Elsa Barreiros

Secretario:

D. José F. Sampayo

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

ESCUDERÍA BARBADÁS

Rúa Carreira 7

C.P. 32890 BARBADÁS (Ourense)

Teléfono: 677 537 355 (Presidente) – 687 895 183 (Secretario)

Mail escudería: escuderiabarbadas@gmail.com

Mail inscricións: marabucompeticion@gmail.com

Oficina de prensa:

Rua Bedoya 16 – 4º

32004 Ourense

Xefa de prensa: Diana Belay Gómez

Tel.: 610 878 058

Mail prensa: escuderiabarbadas.prensa@gmail.com



Artigo 1.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Juan Carlos Villanueva Fernández DC-0000-GA-AUT.

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. Victoriano Gonzalez Boullosa DC-0001-GA-AUT
Dª. Raquel Rodríguez López DC-0055-GA-EST
D. Roman Lamas Fernández DC-0081-GA-AUT.

Observador da F.G. de A.:

D. Fco Javier Riaño Lueiro OBS-0257-GA-AUT

Director da Carreira-Oficina/Autobús:

D. Alejandro Fraga Paradela DC- 0750-GA.AUT

Director de Carreira Adxunto Oficina/Autobus

D. Bruno Trajano Rivera Pazos DC-1635-GA-AUT

Secretario da proba:

D. Hugo Amaro Fernández DC-1664-GA-AUT

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. José Manuel Rodríguez Fernández JOC-1968-GA-AUT
D. Héctor González López OC-1973-GA-AUT

Xefa de Cronometraxe:

Dª Lorena Salgado Pérez DC- 1300-GA.AUT

Cronometraxe:

Responsable de saídas: D. Antonio Alvarez Reina DC-1758-GA-AUT

Responsable de chegadas: D. Brais Adao Cid DC-1768-GA-AUT

Comisario de chegadas: Dª María Luisa Espinosa López JOB-1329-GA-AUT

Relacions cos participantes:

D. Jorge Salgado Pérez DC-1299-GA-AUT

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Juan Carlos Villanueva Fernández en tramite

Vehículo "0" (DIRECCION NA ESTRADA):

Verde D. José F. Sampayo Méndez en tramite

Vehículo "00" (ESCOBA):

Bermello D. Rubén Randolfe Dacosta en tramite

Vehículo Megafonía:

D. Iago Lopez Cid en tramite

Responsable Parque de Asistencia/Traballo:

D. Alberto Rivas Alvarez en tramite

Comisario Parque de Asistencia/Traballo

D. en tramite

Servicio informático:

GMHP

Servicios médicos en treitos:

E.M.S. GALICIA

Servicio de ambulancias:

Ambugal

Centros asistenciais:

CHUO e CO.SA.GA. E e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz

Servicio de grúas:

Gruas Baldomero
Grúa Desguaces Tino



Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, polo menos sete días antes da celebración da proba.

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Nestes dous vehículos, un dos membros da tripulación terá que dispor de licenzas DC, expedida pola F.G. de A., e deberán ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

3.- MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

O 9º RallyMix de BARBADÁS é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato de Galicia de Rallymix Clase A.
- Campionato de Galicia de Rallymix Clase B.
- Copa de Galicia de RallyMix para Pilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para Copilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 1.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 2.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 3.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 4.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 5.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 6.
- Copa de Galicia de RallyMix para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante expedida pola F.G. de A.).
- Copa de Galicia de Marcas de Carcross.
- 9a Copa Pirelli K6.
- E as que designe a F.G. de A.

Artigo 3.- Descrición.

O 9º RallyMix de BARBADÁS consta dun percorrido de 7.800 Kms. pechado totalmente o tráfico, dos cales 6.100 Kms. corresponden a un treito cronometrado por pistas de terra/asfalto, e o resto a zona de presaida, deceleración e mais o parque pechado/custodia e de asistencia. Está dividido en dúas etapas e 5 pasadas polo mesmo treito. O Itinerario-Horario figura no Anexo III do presente Regulamento. Na folla de ruta consta detallado o percorrido. O RallyMix terá no mesmo lugar un parques de traballo/parque pechado.

Artigo 4.- Vehículos admitidos.

4.1.- En tódolos RallyMix, puntuables para o Campionato e Copas de Galicia, serán admitidos os vehículos seguintes:

- Tódalas Agrupacións do regulamento do Campionato de Rallyes 2023 serán admitidos a participar.
- Os vehículos de Montaña das Agrupacións 3 a 8, incluídas, ó selo circuíto pechado tipo da especialidade de Montaña/Rallymix.
- Os vehículos de Autocross das Clases I, II, III e IV.
- Os ATV biplazas, con volante ou prototipos, autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo, inclúense a tódolos efectos de participación e de premios na Agrupación 1, saíndo despois dos carcros e deseguido, antes dos vehículos carrozados.
- Os carcros, da especialidade de Autocross, e os ATV, admítense con clasificación independente (Clase A) farase unha clasificación xeral scratch exclusiva con premios en metálico e trofeos.

4.2.- Tódolos vehículos deberán cumprir co regulamento técnico do seu campionato de procedencia, agás os vehículos turboalimentados, ou con compresor, que non terán obriga de instalar ningún tipo de brida restrictora, sendo libre o instalala ou non.

4.3.- Os vehículos deberán presentar ás verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, non presentando ningunha aresta cortante na súa carrocería.

4.4.- CLASES:

CLASE "A":

AGRUPACIÓN 1: Vehículos carcros ata 600 c.c., dúas rodas motrices e sen diferencial nin autolocante, e vehículos quad tipo Polaris e demais homologados pola F.G. de A. - FIA CrossCar • Dacordo ó Art. 279B do Anexo J ó CDI.

CLASE "B":

AGRUPACIÓN 2: Vehículos ata 1.600 c.c.

AGRUPACIÓN 3: Vehículos máis de 1.600 c.c. ata 2.000 c.c.

AGRUPACIÓN 4: Vehículos máis de 2.000 c.c. ata 3.000 c.c.

AGRUPACIÓN 5: Máis de 3.000 c.c. e prototipos de 1 ou 2 motores de moto ou vehículos SCC.

AGRUPACIÓN 6: Vehículos propulsión traseira.

4.5.- Tódolos vehículos de clase B deberán tomar a saída coa roda de reposto xunto coa ferramenta necesaria para a súa substitución (debidamente suxeitas). No caso de non cumprilo non poderán tomar saída na manga; Polo que aplicaráselle o tratamento de vehículo non saído.

4.6.- A tódolos efectos, considerase constituída unha clase, coa saída dun só vehículo.



Artigo 5.- Concursantes admitidos

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I do Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo..

Artigo 6.- Solicitud de inscrición-inscricións.

6.0.- Toda persoa que desexe participar no 9º RallyMix de Barbadás deberá remiti-lo o abono da inscrición, debidamente cumprimentada

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 24 DE OUTUBRO de 2023

o mail destinado para inscricións: marabucompeticion@gmail.com

A secretaría do RallyMix, sita en:

ESCUDEIRÍA BARBADÁS

Rúa Carreira nº 7

32890 BARBADÁS (Ourense)

Teléfono: 677 537 355 (Presidente) – 687 895 183 (Secretario)

6.2.- O peche de inscricións realizarase, con data límite, cinco días (luns) antes do principio da proba. A relación completa de inscritos, coa adxudicación do número de orde, será aprobada e autorizada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo, despois de comprobar tódalas directrices, para a súa publicación con tres días de antelación ó comezo da proba.

6.3.- **IMPORTANTE:** Todo equipo ten que cumprimentar telemáticamente en "www.fga.es" o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario de inscrición suporá o refusamento da mesma.

6.4.- O no de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

6.5.- Os dereitos de inscrición deberán ser abonados por transferencia ou ingreso, indicando no mesmo o nome do piloto a que corresponde, na conta da Escudería Barbadás, no Banco Sabadell Gallego de A Valenzá (Barbadás):

Nº IBAN: ES27 0081 2167 8800 0103 7606

6.6.- Admitiranse inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.7.- A orde de recepción da solicitude de inscrición, así como dos dereitos de inscrición, será o determinante para a confección da Lista de Inscritos.

6.8.- As Listas de Inscritos serán propostas polo Comité Organizador á F.G. de A. O habilitado revisará, e reorganizará a mesma si fora necesario, para axustalas potencias e capacitación dos pilotos a lista de inscritos, real e efectiva.

Artigo 7.- Dereitos de inscrición-seguros.

7.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

7.1.1.- **260,00 €** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

7.1.2.- **520,00 €** refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe selo dobre que o apartado 7.1.1.).

7.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición abonados.

7.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.


4.- OBRIGACIÓNS XERAIS.

Artigo 8.- Publicidade.

A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:



- **Obrigatoria**



- **Facultativa:** _____

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reservar os emplacements seguintes (según a normativa da F.G.A.): _____

- **8.1.-** Todos os carcros deberán levar un aletín no teito de material plástico, dunhas medidas non inferiores a 250mm x 180mm alto, para a colocación dos números que serán entregados separados da placa e a publicidade exclusivamente para estes vehículos.

5.- DESEÑO DA PROBA.

O desenrolo do RallyMix terá unha tanda de recoñecemento libre cun máximo de 3 pasadas polo treito, o sábado no horario establecido no regulamento particular (máximo hora e media), sendo imprescindible que pasarán as verificacións administrativas antes de recoñecer o treito, non podendo superar, no recoñecemento do treito, os 60 quilómetros./hora. Formas de desenrolo do RallyMix: TIPO A: Tres pasadas oficiais o sábado, dúas pasadas oficiais o domingo. TIPO B: Dúas pasadas oficiais o sábado, tres pasadas oficiais o domingo. TIPO C: Tres pasadas oficiais o sábado, tres pasadas oficiais o domingo. O punto de detención e arrancada dos vehículos en saída debe ser a 1 metro antes da liña de toma de tempos (fotocélulas). De ter que interromper a derradeira manga do sábado, por falta de luz, poderase rematar o Domingo, antes do comezo das mangas oficiais da xornada, dende o primeiro número non saído, non podendo saír os números previos, que non tomaran saída no seu orde, nin os vehículos que quedaran parados no treito.)

Artigo 9.- Normas, duración e clasificación da proba.

- 9.1.- O treito terá unha lonxitude mínima de 6 quilómetros e máxima de 12 quilómetros cunha tolerancia dun 15%. Para este tipo de probas mixtas é obrigatorio que como máximo unha superficie non rebase o 70% da outra. Pódese intercalar asfalto-terra, ou terra-asfalto.
- 9.2.- Que a saída e a chegada fágase en asfalto obrigatoriamente, con a lo menos unha lonxitude da mesma de 25 metros dende a liña de fotocélulas, antes do primeiro cambio a superficie de terra.
 - 9.2.1.- Crearase unha zona de presáida debidamente sinalizada e controlada polos comisarios técnicos e de saída onde se comprobará que os participantes vaian cumprindo coas normas de seguridade (levar a roda de reposto, casco, luvas, hans, etc...)
- 9.3.- O número máximo de treitos cronometrados será de un.
- 9.4.- O número máximo de pasadas polo treito será de cinco a computar no RallyMix. Por operatividade o número de pasadas polo treito, o sábado, será 2/3, o domingo de 3/2, ou 3/3. O condicionante da luminosidade, e do número de participantes, autoriza a exclusivo criterio do Director de Carreira a tomala decisión das mangas a celebrar, no caso de aprazarse parcialmente unha manga para o día seguinte será sempre nunha clase completa.
- 9.5.- Nun RallyMix non se poderá utilizar o treito cronometrado, nos dous sentidos.
- 9.6.- Publicaranse unhas medidas de seguridade, especiais e complementarias á normativa F.I.A., para os vehículos de autocross, carcros, trial, 4x4, quad, ou prototipos autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.
- 9.7.- Publicarase en formato dixital, en tódolos RallyMix, un "Road Book" do treito cronometrado, con fotos a cor dos cambios de asfalto-terra e terra-asfalto, e enviarase a F.G.A. xunto co Regulamento Particular. Recoméndase a publicación na páxina da F.G.A. o vídeo do treito para facilitar os recoñecementos os equipos sen copiloto cun mínimo de 5 días de antelación a proba.
- 9.8.- BRIEFING: O organizador deberá prever un briefing a realizar despois das verificacións e antes da primeira manga oficial do sábado. O Director de Carreira reunirá ós pilotos participantes co fin de impartilas normas de condución, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obrigatoriamente e con control de asinamento so pena de exclusión.
- 9.9.- As curvas estarán sinaladas por dificultade, e grado de inclinación, con frechas direccionais en cores vermello, e amarelo.
- 9.10.- Sinalización, montaxe e seguridade según as prescricións comúns de rallyes da FGA. Colocarase as pancartas F.I.A., segundo o estipulado para sinalizar o treito.
- 9.11.- O Taboleiro de avisos será a través a aplicación móbil SPORTITY, en el incluíranse tódolos comunicados, complementos e decisións, listas de autorizados, horarios de saída de cada tanda tramo, clasificacións etc... O día 24 de outubro publicarase a clave de acceso o SPORTITY da proba. Haberá un segundo taboleiro cos documentos esenciais na secretaria do Rallymix.
- 9.12.- A normativa sobre a instalación de "CHICANS" en Montaña rexerese polo publicado no Artigo 25 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia do Anuario 2021 da Federación Galega de Automobilismo.



9.13.- A hora de personamento en presaída e a hora estimada de saída serán publicadas na aplicación SPORTITY cunha antelación mínima o comezo da manga de 15 minutos. As horas publicadas de saída de cada manga (na app SPORTITY) serán de obrigado cumprimento para tódolos participantes.

Artigo 10.- Recoñecementos:

10.1.1.- Os recoñecementos libres deberán ter unha duración máxima de hora e media quedando limitados a un máximo de 3 pasadas polo treito para cada equipo. Nos recoñecementos só poden ir no vehículo os participantes, prohibíndose acompañantes alleos á inscrición. Os inscritos, sen copiloto, poden recoñecelo treito coa súa asistencia, debidamente licenciado, e figurando como asistencia na mesma táboa.

10.1.2.- A primeira infracción será penalizada cunha sanción económica de 200 € ou 1 minuto a criterio do colexio de comisarios deportivos, a abonar polo concursante á Federación Galega de Automobilismo nas 48 horas seguintes á celebración da proba.

10.1.3.- A segunda infracción se penalizará con "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA", pola reincidencia.

10.1.4.- Por incorrer nunha infracción nos puntos 10.1.2 e 10.1.3 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para aperturar a incoación do expediente disciplinario no seu caso.

10.1.5.- Si unha escudería fai un treito cronometrado, na mesma tempada, non se poderá utilizalo mesmo treito por outra entidade organizadora.

10.1.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico e Rural, para seguir un control rigoroso e exhaustivo, conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adoptar as medidas federativas que no seu caso procedan.

10.1.7.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor laranxa) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan o recoñecemento autorizado. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba, do vehículo participante infractor.

10.1.8.- Os recoñecementos libres quedan limitados a tres pasadas polo treito en horario taxado, e teranse que facer a velocidade moderada, non pasando de 60 quilómetros por hora en todo o treito, en vehículos de calle, non podendo empregar o vehículo co que participa o equipo.

10.1.9.- Queda terminantemente prohibido volver a saída polo mesmo treito.

10.1.10.- Ós participantes que se atopen recoñecendo o treito, ilegalmente, fora das horas sinaladas serán penalizados con exclusión da proba, a todos os efectos, e apertura de expediente disciplinario.

Artigo 11.- Carreira.

11.1.- A oficina oficial da proba estará instalada no autobús da Federación, sito na saída do treito.

11.1.1.- O autobús terá instaladas dúas sirenas de barco. Infórmase que para o comezo, aviso, de cada manga de competición farase dende o autobús da Federación cun toque (1 minuto) de 2 sirenas de barco, de 130 dB, da saída do vehículo 0 (Director de carreira en estrada).

11.2.- Según artigo 7.2.- Sistema GPS obrigatorio no Campionato de Galicia de Rallyes OPCIONAL RALLYMIX.

11.3.- Presaída: O xefe de posto ou calquera dos comisarios técnicos revisarán e comprobarán as medidas de seguridade (arneses, casco, vestimenta, extinción..) así como a existencia de roda de reposto nas condicións establecidas no Regulamento.

11.3.1.- Saída: O xefe de posto, encargárase de situar o vehículo no posto ou liña de saída. Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento da pantalla HL-920, se o tempo transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de penalización en tempo igual ós segundos transcorridos desde a orde de saída (manual ou pantalla HL- 920) ata o instante de activación da cronometraxe.

11.4.- A saída darase lanzada, cun mínimo de 1 metro por detrás da célula, e o tempo será a milésima de segundo ao rebasar a célula.

11.5.- Calquera participante que non saía no seu número correspondente penalizará 30 segundos, coa salvidade de que se non sae antes do derradeiro participante da súa Clase (A ou B) contabilizarase como non saído no treito. A normativa faise para favorecer as reparacións dos equipos que o precisen, cunha penalización taxada.

11.5.1.- Cando un participante contabilízase como non saído no treito, daráselle o tempo de peor clasificado da súa Clase (A ou B), sumáralle unha penalización de +30" en dita manga. A elección é a exclusivo criterio do Colexio de Comisarios Deportivos.

11.6.- Todo vehículo alcanzado deberá deixar libre o paso minorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o condutor deberá situar de forma que non represente un perigo para os demais participantes. Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o incumprimento desta norma será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario.

11.7.- Calquera equipo que non finalice unha manga, daráselle o tempo do peor clasificado (descartando o tempo de calquera participante que estivera parado no treito), na mesma manga, da Clase a que pertenza máis 10 segundos. Terá que estar a disposición, na grella de saída, das seguintes mangas, podendo continuar no RallyMix. Para aparecer na clasificación final terase que completar alomenos un treito ó completo por día (Sábado e Domingo).

11.8.- Un participante que teña que parar no treito, por causas alleas a súa vontade, impedimento de paso doutro vehículo ou por motivos organizativos aplicaráselle o seu tempo da pasada inmediatamente anterior, de non ser anómalo, no caso de selo queda a criterio dos Comisarios Deportivos. No caso de que se dea na primeira manga aplicaráselle un dos tres peores tempos da súa agrupación con paso previo por meta á interrupción da mesma, a criterio dos Comisarios Deportivos. De non existir Agrupación con paso por meta collérase dos tres últimos da clase a criterio dos Comisarios Deportivos podendo descartar en ambas tempos anómalos.



11.9.- No caso de asignación de tempos o sábado e o domingo son consideradas etapas diferentes non podendo asignar tempos dunha etapa anterior.

11.10.- Se un equipo non ten tempos propios por causas alleas a súa vontade considerárase tempo propio o asignado polos Comisarios Deportivos.

11.11.- Unha vez rebasada a liña de meta, os participantes deberan dirixirse o parque pechado-traballo sen deterse no enlace, so pena de EXCLUSIÓN

11.12.- Os vehículos avariados ou sinistrados, no treito, serán retirados pola organización, con todoterros 4x4 (con eslinga); ou con guindastres, se fora preciso, por non poder circular polos seus medios exclusivamente. Os rescates faranse na medida das posibilidades da organización, entre cada manga, e retíranse a totalidade dos vehículos sinistrados ou avariados ó final de cada día do evento deportivo.

11.13.- Terase en saída un mínimo de 2 vehículos de tiro (4x4) ademais dunha grúa plataforma.

11.14.- Recoméndase o uso de 1 ambulancia 4x4., ademais das ambulancias SVA e SVB obrigatorias.

11.15.- Chicans.- Según o Artigo ARTIGO 24.- NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO SOBRE AS "CHICANS" EN MONTAÑA E RALLYMIX das prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. Poderán instalarse por motivo de seguridade pero non serán penalizables.

Artigo 12.- Parque de Pechado – Parque de Traballo

12.1.- O parque de traballo, terán que ser o mesmo, e sempre en réxime de reparación, coa salvidade do tempo perceptivo da publicación da clasificación final do RallyMix, no que non se poderá manipular o vehículo só pena de exclusión. A súa situación debera estar o mais próxima a saída e meta do treito cronometrado. No caso de facer parque pechado terá que estar ubicado dentro do parque de traballo.

12.2.- Parque de presaída deberá estar delimitado e considerárase parque pechado, debendo entrar nel os participantes na súa orde de saída, non podendo estar dentro do mesmo outros membros do equipo que non sexan os tripulantes do vehículo competidor.

Artigo 13.- Hora oficial do RallyMix.

13.1.- Durante o transcurso do RallyMix, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is.

13.2.- **O Director de Carreira publicará na app SPORTITY a hora de saída de cada treito como mínimo 15 minutos antes do seu comezo.**

Artigo 14.- Penalizacións. As penalizacións son as previstas no Regulamento-Tipo Xeral de Rallymix da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2023



Artigo 15.- Premios.

XERAL SCRATCH "CLASE A"	
AGRUPACIÓN 1 (CARCROSS)	
1º	500 € e Trofeo
2º	400 € e Trofeo
3º	250 € e Trofeo
4º	150 €
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 1.300 €.	

XERAL SCRATCH "CLASE B"			
AGRUPACIÓN 2, 3, 4, 5 e 6			
XERAL	PREMIOS POR AGRUPACIONES		
1º 500 € e Trofeo			
2º 400 € e Trofeo	ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)	MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)	
3º 300 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	
4º 250 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	
5º 200 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo	
6º 150 €			
7º 150 €	MÁIS DE 2.000 C.C. ATA 3.000 C.C. (Ag. 4)	MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)	PROPULSION TRASERA (Ag. 6)
8º 100 €	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
9º 100 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo	2º Trofeo
10º 100 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo	3º Trofeo
TOTAL: 2.250 €	TOTAL: 2.650 €		
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 4.900 €UROS.			

A maiores dos premios e trofeos fixados pola FGA para o campionato de RallyMix, a Escudería Barbadás otorga tamén:

- Trofeo Gran Premio Barreiros Consultores, o primer piloto ourensán clasificado na xeral.
- Trofeo Escudería Barbadás o primer clasificado/a da Escudería Barbadás.
- Trofeo Enrique Fernández "VILA" o primeiro equipo clasificado con vehículo carrozado de tracción traseira

Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios, co mono de competición debidamente abrochado, só, e sen familiares, siareiros, nin mecánicos.

Don Juan Carlos Villanueva Fernández, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número CD-EN TRAMITE-GA, solicitou a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Director da Proba
N.I.F.:44458840R

Entidade: ESCUDERIA BARBADÁS
C.I.F.: G32466575

Xefe de Seguridade Vial
N.I.F.: 34963491H

Fdo: Alejandro Fraga Paradela

Fdo: D. Juan Carlos Villanueva Fdez.

Fdo: D. Juan Carlos Villanueva Fdez.



PROGRAMA - HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	28/10/2023	08:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en : NO AUTOBÚS DA F.G.A.
2ª		12:00	
3ª		19:30	
4ª	29/10/2023	09:00	
5ª		13:00	

ANEXO II

CONTROL DE TEMPOS estarase ao disposto no Anuario Deportivo 2023 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

ANEXO III

FOLLAS DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD **CONDICIONS OBRIGATORIAS**

- 1.- O sentido de lectura será de arriba cara abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ó principio das follas de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (alomenos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta-quilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior das follas deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e eventualmente os controles de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha liña horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións moi próximas, e dicir, con distancia inferior a 100 m, non serán separadas entre sí.
- 9.- Toda información que non poida ser facilmente identificable dende a estrada deberá aparecer entre parénteses.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controles.
- 11.- As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre a ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer encadrados, e si ai un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controis terá que ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comezará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recadro).
- 16.- En cada debuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous ou tres signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser facilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- Nas follas de ruta, os puntos de seguridade deberán estar sinalados polo seguinte signo:



- 23.- A saída, e a meta dos treitos e os parques pechados e de traballo, deberán estar sinalados con latitude e lonxitude.

SUXERENCIAS:

- 1.- Indica-la velocidade media dos treitos de enlace.
- 2.- Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do RallyMix.
- 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (ex. panel de entrada a un casco urbano).
- 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de liña vertical.
Tódolos puntos que non se describen, se deixan a liberta do Organizador.



ETAPA: 1 y 2	RALLYMIX DE BARBADÁS	Distancia:	5,800 Km.
	Treito cronometrado a	Tempo a empregar:	8'
SECCIÓN: 1ª a 6ª	Parque de asistencia	Promedio:	43,5 Km/h

DISTANCIA		DIRECCIÓN	INFORMACIÓN	Kms. Próximo C.H.
TOTAL	PARCIAL			
0,00	0,00	<p>SAIDA TREITO</p>	<p>¡¡SAIDA TREITO!!</p>	5,80
0,07	0,07		<p>!!!</p>	5,73
0,30	0,23			5,50
0,58	0,28		<p>¡¡¡COMEZA TERRA!!!</p>	5,22
1,26	0,68		<p>!!!</p>	4,54
1,85	0,59		<p>!!!</p>	3,95

V Rallymix de Barbadás



ANEXO IV

TERMINOLOXIA

Sector de enlace

Sección

Itinerario comprendido entre dous controis horarios sucesivos.

Conxunto de sectores de enlace comprendidos:

- entre a saída dunha etapa e o primeiro reagrupamento.
- entre dous reagrupamentos sucesivos.
- entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do RallyMix.

Etapa

Cada unha das partes do RallyMix separadas por unha parada de polo menos oito horas, ou por unha parada polo menos igual á duración do percorrido efectuado, si este e inferior a sete horas.

Neutralización

Reagrupamento

Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calquera razón. Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.

Parque Pechado

Zona na que ningunha reparación nin intervención e posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos de Galicia e polo regulamento particular da proba.

Complemento

Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último.

Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario.

Os Complementos deben estar numerados e fechados. Os Concursantes ou membros dos equipos deben acusar recibo mediante asinamento.

Carnet de Control

Carné destinado a recoller os visados dos diferentes controis establecidos no itinerario. Este Carné debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carné de control distinto para cada unha das seccións.

Treito

Cronometrado

Proba de velocidade en estrada, pechada ao tráfico normal.

ANEXO V

ENCARGADO DAS RELACIONS COS PARTICIPANTES

MISIONS PRINCIPAIS

Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso e convinte:

- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono móbil no regulamento particular, ou nun complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESENERO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A Saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada do RallyMix (na medida das súas posibilidades dependendo do horario do RallyMix).

Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.
- Dar tódalas informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas, e solicitudes satisfactorias, para evitar as reclamacións (ex. Precisa-las dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, abstérase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.



ANEXO VI

1) ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

a) Plan de Seguridade: Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Vehículo de rescate.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Centros asistenciais.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Plans de seguridade do treito cronometrado.

b) Xefe de Seguridade Vial: No Regulamento particular do RallyMix nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade. Durante o RallyMix estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída do treito cronometrado (por teléfono e por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

c) Control: O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

2) SEGURIDADE NO TREITO CRONOMETRADO:

a) Servizos de asistencia: Na saída de cada treito cronometrado: 1 vehículo de rescate. 2 ambulancias equipadas. (1 UVI Móbil, e una asistencial). 1 equipo de socorristas. 2 grúas. 1 servizo de bombeiros.

Nun punto intermedio para as probas de máis de 10 quilómetro: 1 médico. 1 ambulancia equipada. 1 equipo de socorristas.

De acordo coa perigosidade, estes mínimos incrementaranse :

- récord do treito entre 100 e 110 quilómetro/h, o dobre do mínimo de ambulancias.
- récord do treito superior a 110 quilómetro/h, o dobre do mínimo de ambulancias máis un médico reanimador.

Caso de non dispoñer do récord del treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emerxencia. Así mesmo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquera posible incidente ou accidente.

b) Medidas preventivas. Sinalización: As estradas e camiños de acceso aos treitos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

Intervención: Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxecto de:

- Facer respectar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteis, cintas, pitos e altavoces.
- Sempre que sexa posible, advertir ós equipos por medio de bandeiras amarelas.

Información: Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio e televisión.
- Taboleiros con avisos.
- Distribución de folletos.
- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altavoces que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1er. vehículo).

c) Vixilancia: Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel de 36 cm x 50 cm sobre o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza a palabra SEGURIDADE, cun número 0 (peche dos treitos), e co número 00 (apertura dos treitos). O vehículo escoba de fin de Rallye deberá levar un cartel das mesmas dimensións sobre o que figurará unha bandeira a cadros ou no seu defecto, levar unha bandeira a cadros. Como mínimo haberá dous vehículos de seguridade dos que, polo menos, un será conducido por un oficial con gran experiencia, o que, poderá dar toda a información que sexa precisa e si e necesario, avisar ao Director de Carreira de calquera incidente. Unha rede de radio (con unha implantación polo menos cada 3 quilómetros), específica para o treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do RallyMix.

d) Evacuación: Debe verse un itinerario de evacuación para o treito cronometrado. Os servizos de urxencia dos hospitais deben estar en estado de alerta.

3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE: O itinerario-horario deberá ter en conta as dificultades de Regulamento Particular 9º RALLYMIX DE BARBADÁS 16 circulación e a travesía de poboacións e cidades.

O condutor e o copiloto deberán levar:

- casco homologado en tódolos treitos cronometrados.
- roupa ignífuga homologada.
- cinturón de seguridade en todo o percorrido da proba.



ANEXO VII

PROBA : 9º RALLYMIX DE BARBADÁS “Memorial Gonzalo Belay”




ITINERARIO - HORARIO

	C.P.	LOCALIZACION	KM. TRAMO	KM. ENLACE	KM. TOTAL	HORA
1ª ETAPA 1ª, 2ª Y 3ª SECCIÓN SABADO 28/10/2023	1	SAIDA PARQUE DE ASISTENCIA				11,45
	2	PRESAIDA BARBADÁS		0,55		11,50
	T.C.	TRAMO CRONOMETRADO 1ª PASADA	6,10			12,00
	3	ENTRADA PARQUE DE CERRADO/ASISTENCIA		0,20	6,85	12,10
	4	SAIDA PARQUE DE ASISTENCIA				13,45
	5	PRESAIDA BARBADÁS		0,55		13,50
	T.C.	TRAMO CRONOMETRADO 2ª PASADA	6,10			14,00
	6	ENTRADA PARQUE DE CERRADO/ASISTENCIA		0,20	13,70	14,10
	7	SAIDA PARQUE DE ASISTENCIA				15,45
2ª ETAPA 4ª Y 5ª SECCIÓN DOMINGO 29/10/2023	8	PRESAIDA BARBADÁS		0,55		15,50
	T.C.	TRAMO CRONOMETRADO 3ª PASADA	6,10			16,00
	9	ENTRADA PARQUE DE CERRADO/ASISTENCIA		0,20	20,55	16,10
		APERTURA PARQUE DE CUSTODIA				07,30
	10	SAIDA PARQUE DE ASISTENCIA				09,15
	11	PRESAIDA BARBADÁS		0,55		09,20
	T.C.	TRAMO CRONOMETRADO 4ª PASADA	6,10			09,30
	12	ENTRADA PARQUE DE CERRADO/ASISTENCIA		0,20	27,40	09,40
	13	SAIDA PARQUE DE ASISTENCIA				11,15
	14	PRESAIDA BARBADÁS		0,55		11,20
	T.C.	TRAMO CRONOMETRADO 5ª PASADA	6,10			11,30
	15	ENTRADA PARQUE DE CERRADO FIN DE RALLY		0,20	34,25	11,40
		ENTREGA DE PREMIOS				14,00



PLANO XERAL DO RALLYMIX DE BARBADÁS 2023





ANEXO VIII

CARAVANA RALLYMIX:

En tódolos rallymix a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 40 minutos antes da saída do número 1.

Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo peche e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

Observador Federación: Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orden para o inicio do treito.

Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde): Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial do rallye dará a orden oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Aficionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarrúas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina do rallye, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordenes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

Escoba na estrada. Vehículo "00" (Vermello). Despois de finalizado o paso de tódolos participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnés de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilízalos, así como da inhabilitación das licenzas de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana do rallye terá que ter licenza de oficial CD para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-CD ou GA-JOC, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudio das follas de cor amarelo, emitirse unha acta-informe que grampada coas follas, serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibí da entrega na copia.

ANEXO IX

CARNET DE RUTA

No Rallymix de Barbadás o carnet de ruta será telemático, de tal xeito que as horas de saída de cada manga estarán publicadas na app SPORTITY cunha antelación mínima de 15 minutos o comezo da mesma. A clave de acceso a app SPORTITY será publicada o luns 23 de outubro de 2023.